

## COMUNICADO Nº 165/22 22 DE AGOSTO DE 2022

### CONVENIO DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO CO COMITÉ ORGANIZADOR DO “47º RALLYE ISLAS CANARIAS 2023”:

Hoxe asinouse convenio entre Don Germán Morales e Don Iván Corral para crear “unha bolsa de becas” para o mellor **Comisario Deportivo 2022**, para o mellor **Cronometrador 2022**, para o mellor **Comisario Técnico**, e o mellor **Director de Carreira de proba 2022**; dos Campionatos de Galicia de Rallyes, Rallymix, e Montaña que exerceron nas probas de especial relevancia, nos Campionatos de Galicia de base na tempada de 2022.

As becas inclúen o desprazamento en avión ás “Islas Canarias”, cunha bolsa económica de viaxe, ida e volta, que abonará a Federación Galega de Automobilismo. A estancia (hotel), inclusión cadro de oficiais, e actuación no “**47º Rallye Islas Canarias 2023**”, do **Campionato de Europa, con cargo ó Comité Organizador**.

Crearase unha comisión avaliadora co-presidida por Don Iván Corral e Don Germán Morales con votación ó efecto da Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo.

É de agradecer a sensibilidade e colaboración, do Comité Organizador do “Rallye Islas Canarias”, para co Automobilismo Galego de Base.



### BALANZAS GALICIA:

A Federación Galega de Automobilismo ven de mercar unha nova báscula de precisión, construída especificamente **para a modalidade de Karting**, a empresa galega “balanzasgalicia.com” (solucións en pesada comercial, industrial, e laboratorio).

A Federación Galega de Automobilismo “sempre mellorando os seus bens de equipo e os servizos” ás escuderías e ós participantes nas probas dos Campionatos de Galicia de Automobilismo de base.



FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

**BalanzasGalicia.com**  
soluciones en pesaje comercial, industrial y laboratorio